



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2019 / 2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CAMIÑO - 32011901

ETAPA: PRIMARIA

CURSO: 1º - 2º - 3º (GRUPO MIXTO)

MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA

DOCENTE: MIGUEL CABARCOS ROUCO

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CAMIÑO

Terra de Souto, s/n
32310 Rubiá (Ourense)

ceip.virxedocamino@edu.xunta.gal

Tel. 988324205

ÍNDICE	PÁXINA
1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPENTECIAS IMPRESCINDIBLES.	3
2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.	4
3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE	4
4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	5



1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	EFB1.3.4. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade. Competencias clave: CSC- CAA.
B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento as circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.	EFB2.2.5. Reacciona corporalmente ante estímulos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices axeitadas no tempo e no espazo. Competencias clave: CAA- CSC - CSIEE
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas as condicións establecidas de forma eficaz.	EFB3.1.1. Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais. EFB3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica do salto en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio e a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais. Competencias clave: CSC- CCEC- CAA
B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.	EFB4.1.4. Leva a cabo manifestacións artísticas sinxelas. Competencias clave: CCEC- CSC- CAA
B5.1. Reconecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo ou mesma.	EFB5.1.4. Adopta hábitos posturais axeitados. Competencias clave: CSC CAA- CSIEE- CCL- CMCCT
B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas.	EFB6.1.2. Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas. Competencias clave: CAA- CSIEE- CSC.



2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

AVALIACIÓN	<i>Procedementos de avaliación: A avaliación que se vai desenvolver é fundamentalmente a través da análise do seu traballo diario e esforzo nas tarefas e retos semanais propostos na aula virtual do centro.</i>
	<i>Instrumentos de avaliación: Mediante a observación diaria do seu traballo. Utilizarei os vídeos que me manden cos retos semanais superados para valorar a súa actividade e o seu traballo en dita materia.</i>
CUALIFICACIÓN FINAL:	<i>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: O procedemento para obter a cualificación final do curso será mediante a realización da media aritmética da 1ª e 2ª avaliación. Ademais, terase en conta de forma positiva o traballo e esforzo do alumnado na 3ª avaliación á hora de poñer a nota final.</i>

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

ACTIVIDADES	As actividades deste trimestre irán enfocadas a traballar e afianzar habilidades motrices básicas e xenéricas. Mellorando a consolidación do esquema corporal, os contidos artístico-expresivos e as capacidades perceptivo-motrices.
METODOLOXÍA (<i>alumnado con conectividade e alumnado sen conectividade</i>)	A metodoloxía será: flexible, constructiva, significativa, activa, lúdica, participativa e integradora. Baseada no proceso por encima do resultado. Buscarase que os alumnos e alumnas estean motivados . Ademais, traballarase a transferencia entre aprendizaxes coñecidos e novos, a través do aprendizaxe significativo.
MATERIAIS E RECURSOS	O recurso metodolóxico a utilizar será o xogo, xa que é a forma máis divertida e pracenteira de aprender as habilidades motrices programadas sen darse conta. Os xogos consistirán, entre outros, en superar diferentes retos semanais propostos polo mestre de E.F. na aula virtual. Os nenos e nenas teñen que gravarse e mandar ao correo do centro os vídeos superando os diferentes retos motrices.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CAMIÑO

Terra de Souto, s/n
32310 Rubiá (Ourense)

ceip.virxedocamino@edu.xunta.gal

Tel. 988324205

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS	<i>Á hora de informar ao alumnado e ás familias utilizarei como recursos o EspazoAbalar, o Chat da Aula Virtual do centro, o correo gmail do centro e o teléfono móbil.</i>
PUBLICIDADE	<i>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</i> https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxedocamino/